



CESGA E UDC

Médicos e familiares de discapacitados contactan na rede

01.12.2006 galiza

. AGN

A Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, a área de e-learning do Centro de Supercomputación de Galicia (Cesga) e a Universidade da Coruña (UDC), a través da Unidade Clínico-Asistencial de Trastornos de Espectro Autista, comezaron a traballar no proxecto Estudo e análise do impacto da utilización das TIC na atención ás persoas con discapacidade e ás súas familias: calidade de vida e autoxestión.

Para desenvolver este proxecto, o Cesga creará unha contorna virtual de comunicación no que os terapeutas poderán asesorar as familias de forma individual, en tempo real, co obxectivo de que os pacientes non teñan necesidade de desprazarse dos seus domicilios para recibir axuda dos profesionais.

Cada familia que participe no programa dispoñerá dun computador multimedia de última xeración e con conexión a internet de banda ancha.

A Universidade da Coruña será a encargada de avaliar a situación de cada unha delas, para desenvolver un programa de intervención personalizado mediante a utilización dunha contorna virtual privado, no que poderán comunicarse, relacionarse e recibir asesoramento dos profesionais que participan no proxecto.

O programa, que tamén contará con sesións presenciais para as familias, ten como principal obxectivo analizar en que medida o emprego adecuado das novas tecnoloxías da información e a comunicación.